



## **CIRCULAR 10/2010 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA COORDINAR AS ACTUACIÓNS E ESTABLECER AS ACCIÓNS PRIORITARIAS DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

O Consello Europeo Extraordinario de Lisboa, en marzo de 2000, definiu unha serie de obxectivos tendentes a facer da educación un elemento de cohesión social, nunha economía europea baseada no coñecemento; obxectivos cos que o Estado Español, como os demais países da Unión Europea, adquiriu un compromiso firme, por compartir que a educación, como recolle o preámbulo da Lei Orgánica de Educación (LOE), *“é o medio máis adecuado para garantir o exercicio da cidadanía democrática e un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva”*.

A Resolución do Consello Europeo de 2004 sobre o fortalecemento das políticas, sistemas e prácticas en materia de orientación permanente en Europa reiteraba como prioritario o *“desenvolvemento duns servizos de orientación para todas as persoas europeas, accesibles en todas as etapas das súas vidas, que as capaciten para xestionar as súas traxectorias de aprendizaxe e de traballo e a transición entre unha fase e outra”*.

Obxectivos estratéxicos definidos en consellos europeos posteriores mostraron a preocupación dos estados membros por mellorar os índices de persoas que acadan unha titulación básica, por incrementar as taxas de persoas que participan da formación permanente, por aumentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, por potenciar o dominio dos idiomas e, en definitiva, por lograr persoas competentes.

Este concepto de competencia é o que a LOE, no seu preámbulo e considerando a posta en marcha do proxecto DeSeCo (Definición e Selección de Competencias) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), incorpora dunha forma explícita ao mesmo concepto de currículo, o que significa priorizar o campo da aprendizaxe fronte ao da ensinanza, cunha *“aprendizaxe máis atractiva e promotora da cidadanía activa, da igualdade de oportunidades e da cohesión social”*.

Os mesmos principios educativos que inspiran a LOE definen claramente que todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade, nunha escola inclusiva e compensadora das diferenzas ou desigualdades. E nesa escola, que debe ser flexible e promotora de valores democráticos, a orientación educativa e profesional enténdese como un *“medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”*. (Artigo 1. f)

A propia LOE establece *“a existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional”* entre os recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ao profesorado. (Artigo 157. h)

Pode concluírse, pois, que a orientación é un recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa, por posibilitar o coñecemento da realidade de cada quen e asesorar na posta a disposición de cada comunidade educativa daqueles medios ou recursos necesarios para que a atención á diversidade se realice dentro duns parámetros de auténtica calidade, na liña do que se propón a Unión Europea e a propia UNESCO en canto á mellora da calidade e equidade e á eficacia dos sistemas de educación e formación. Tamén, un recurso de apoio proactivo ás persoas e un elemento clave nas políticas educativas e de emprego, por capacitar ás



ciudadás e aos cidadáns de calquera idade e en calquera momento da súa vida na determinación das súas capacidades e intereses; na adopción de decisións educativas, formativas e de emprego, e na xestión da súa aprendizaxe e na traxectoria individual das súas vidas en canto á aprendizaxe, ao traballo e a outras cuestións nas que se adquiren ou utilizan competencias.

Coa orientación integrada na totalidade do sistema educativo, cunha rede orientadora interna que abrangue a todos os centros públicos, coa configuración dos centros educativos como centros de integración e inclusión, cunha rede de orientación externa de ámbito provincial, co empeño permanente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na promoción de medidas que faciliten o éxito escolar de todas e todos e dentro do marco do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e da Orde do 24 de xullo de 1998, que o desenvolve, cómpre dar un paso máis na procura dunha acción orientadora máis coordinada e acomodada aos tempos, na liña do que contemplan o artigo 12º e a disposición derradeira primeira da citada Orde do 24 de xullo.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias e co propósito de coordinar os servizos de orientación educativa e profesional, dita as seguintes instrucións:

**Primeira. *Ámbito de aplicación.***

- a) O disposto nesta circular será de aplicación a todos os departamentos de orientación dos centros públicos de ensino non universitario así como aos equipos de orientación específicos.

**Segunda. *Sobre a rede de orientación (ROEGAL).***

- a) Mantense a catalogación dos postos de traballo dos servizos internos de orientación nos colexios rurais agrupados, nos centros de educación infantil, nos de educación primaria e nos de educación infantil e primaria en base ao número de unidades.
- b) Calquera modificación na Rede de Orientación Educativa en Galicia (ROEGAL), ben por modificación no número de unidades dos centros ben por un reaxuste na distribución, deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a proposta da Xefatura Territorial previo informe da Inspección Educativa.

**Terceira. *Sobre o funcionamento da orientación compartida.***

- a) As xefas ou os xefes dos departamentos de orientación que teñen como centro base un con orientación compartida (OC) e contan con algún centro compartido (CC) realizarán o seu traballo nos distintos centros, cun reparto semanal do seu horario proporcional ao número de unidades de cada centro.
- b) En cada un dos centros de orientación compartida, tanto centro base como centro compartido, constituirase un departamento de orientación, que elaborará o seu plan de orientación seguindo o establecido no artigo 13 da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, e celebrará as reunións previstas no artigo 14 da citada Orde alternando ambos centros.
- c) Aos efectos de participación nas reunións do claustro e, de ser o caso, do consello escolar, as xefas ou os xefes dos departamentos de orientación compartida só participarán no claustro e/ou no consello escolar do centro base (o que figura catalogado como OC).



- d) As xefas ou os xefes dos departamentos de orientación que teñen centros adscritos (A) contemplarán a atención destes no seu plan anual.
- e) Os equipos directivos dos centros que comparten a xefatura do departamento de orientación deberán coordinarse, tanto para evitar a simultaneidade de reunións canto para facilitar a presenza das xefas ou dos xefes dos departamentos de orientación en cada un dos centros. Igualmente, poñerán a disposición da xefa ou do xefe do departamento de orientación os recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións orientadoras

**Cuarta. Accións prioritarias dos servizos de orientación.**

Os servizos de orientación educativa e profesional desenvolverán as súas funcións no marco do Decreto 120/1998, do 23 de abril, e da Orde do 24 de xullo de 1998, que o desenvolve; prestando especial atención ás seguintes actuacións:

**a) ACTUACIÓNS COMÚNS PARA A TOTALIDADE DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN:**

**1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade.**

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

**2. Relacionadas coa acción titorial:**

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

**3. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:**

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.



**4. Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:**

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

**5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:**

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

**6. Relacionadas co drdororienta:**

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdororienta.

**b) ACTUACIÓNS PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E POSTOBRIGATORIA E DOS CENTROS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS.**

Ademais das actuacións citadas no epígrafe a) da instrución cuarta, os departamentos de orientación dos centros públicos integrados, dos centros públicos de educación secundaria e dos centros de educación e promoción de adultos deberán prestar especial atención ás seguintes actuacións:

**1. Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:**

- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.
- Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.
- Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.
- Orientar e asesorar para a consecución das competencias profesionais de nivel 1 conducentes a un Certificado de Profesionalidade do alumnado dos programas de



qualificación profesional inicial (PCPI), de cara a unha integración sociolaboral satisfactoria.

- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

**2. Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación:**

- Establecer mecanismos sistemáticos de coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos centros de educación infantil e/ou primaria e os de secundaria aos que están adscritos.
- Promover a coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación e o profesorado responsable da formación e a orientación laboral, así como entre os servizos de orientación dunha mesma zona, para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

**3. Relacionadas coa atención á diversidade e coa circular 8/2009:**

- Asesorar ao conxunto da comunidade educativa sobre os programas de diversificación curricular e sobre os de cualificación profesional inicial.
- Asesorar ao conxunto da comunidade educativa da educación secundaria obrigatoria sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais elaborados.

**c) ACTUACIÓNS PARA OS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS:**

Os equipos de orientación específicos, que conforman os servizos externos de orientación, prestarán especial atención a:

- Diseñar ou promover o deseño de programas preventivos para o axuste da intervención educativa á diversidade do alumnado.
- Manter unha adecuada coordinación entre as diferentes especialidades de cada provincia.
- Facilitar asesoramento aos departamentos de orientación no ámbito das funcións de cada especialidade.
- Colaborar cos departamentos de orientación nas propostas (ditames) de escolarización e nas de flexibilización da escolaridade.
- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdorienta.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2010.

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

